



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Rocío Caamaño Gerpe, secretaria accidental do Concello da Baña, A Coruña,

CERTIFICA:

- Que o concello da Baña en data 18/03/2022 solicitou o pertinente permiso a Patrimonio para a obra do POS complementario denominada "Mellora capa rodaxe igrexa Troitosende ao límite Ames", e sendo concedida autorización favorable con data 15/07/2022, tal e como se demostra na documentación complementaria que se xunta.

O que asino, para os efectos de requerimento de dita documentación correspondente ao POS 23 co visto e prace do alcalde José Andrés García Cardoso, na Baña, na data da sinatura dixital.

FIRMADO POR: Rocío Caamaño Gerpe (FECHA: 03/04/2023 13:12:00) - JOSE ANDRES GARCIA CARDOSO (FECHA: 03/04/2023 13:24:00)
FIRMA: nIdtqg3zcB9gc3h1Zrj
CVD: y0indL6MMWlGGETjUzI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Sede Electrónica
verificable
en la Sede Electrónica del Organismo.
CVD: nIdtqg3zcB9gc3h1Zrj
Sede Electrónica
verificable
en la Sede Electrónica del Organismo.



XUNTA
DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,

Educación, Formación Profesional e Universidades

Servizo do Patrimonio Cultural



Xacobeo 21·22

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

EXPEDIENTE: 973/22

PROMOTOR: Concello da Baña

INTERVENCIÓN: Mellora da capa de rodaxe da pista da Igrexa de Troitosende ao LM Ames.

CONCELLO: A BAÑA

ANTECEDENTES

1. A solicitude de autorización, remitida polo concello, tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia o día 18.03.2022. (entrada 2022/724800).

As obras que se pretenden executar veñen definidas no seguinte documento: "Mellora da capa de rodaxe da pista da igrexa de Troitosende ao Lm Ames", redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro en febreiro de 2022.

Non consta no expediente informe municipal.

2. Consta no expediente informe da arquitecta e da arqueóloga do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades na Coruña no que se sinala que:

"...Solicítase autorización para intervir na capa de rodaxe do viario definido, o cal consta de dous treitos de 765x4,50m e 315x4m. As actuacións a realizar serán, de xeito resumido, as seguintes:

- Reparación de fochas con grava e tratamento asfáltico semiprofundo
- Estendido de 6cm de aglomerado en quente tipo AC16
- Apertura de gabias e limpeza de salvagabias para permitir a drenaxe
- Sinalización horizontal e colocación dun sinal de STOP

Tendo en conta as actuais condicións das vías, esta actuación non terá repercusións salientables sobre os bens, polo que a solicitude achegada se informa favorablemente, coa condición de que o contorno inmediato aos cruceiros non pode ser utilizado como zona de almacenamento de material ou estacionamiento de maquinaria, nin como zona de depósito de residuos de obra".

CONSIDERACIÓN LEGAL

1. A intervención para a que se solicita autorización situase no contorno dos seguintes bens que figuran no catálogo do PXOM:
 - Castro de Troitosende, coa referencia GA15007005 e nivel de protección II.
 - Casa reitoral de Troitosende, coa referencia AC-16 e nivel de protección estrutural.
 - Igrexa de Troitosende (Parroquial Santa María), coa referencia AR-19 e nivel de protección integral.
 - Cruceiro, coa referencia CR-20 e nivel de protección integral.
 - Cruceiro, coa referencia CR-21 e nivel de protección integral.
 - Cruceiro, coa referencia CR-22 e nivel de protección integral

Rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 3º
15071 – A Coruña
Telf.: 981182657 / 981182210
Fax: 981185891
e-mail: patrimonio.cultura.coruna@xunta.gal

CVD: y0indL6MMWLGGETjZU
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Código QR:



XUNTA
DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades
Servizo do Patrimonio Cultural



Xacobeo 21-22

Os cruceiros construídos con anterioridade a 1901, de conformidade co artigo 92 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, teñen a consideración de bens de interese cultural.

De acordo co disposto nos artigos 8 e 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, os bens, que polo seu interese cultural están recollidos individualmente singularizados nun instrumento de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, teñen a consideración de bens catalogados.

2. Ao situarse a intervención no contorno de protección de bens do patrimonio cultural de Galicia, segundo o artigo 39 e conforme co 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, precisa de autorización previa da consellería con competencias en patrimonio cultural.
3. É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
 - Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
 - Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
 - As demais normas de aplicación, en particular a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.

De acordo con todo o indicado e no ejercicio da competencia que me atribúe a Resolución do 5 de xullo de 2022, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se delega nos titulares dos servizos de Coordinación Cultural das xefaturas territoriais desta consellería o exercicio de determinadas competencias (DOG núm. 134 do 14 de xullo); o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, pola que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 73/2022, do 25 de maio, pola que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, pola que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

RESOLVO

Autorizar as obras solicitadas coa condición sinalada no informe da arquitecta e da arqueóloga do Servizo de Patrimonio Cultural.

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente.

A Coruña, asinado electronicamente polo xefe do Servizo de Coordinación Cultural.

Severino Álvarez Monteserín

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 26.3.c da Lei 16//2010 do 17 de

Rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 3º
15071 – A Coruña
Telf.: 981182657 / 981182210
Fax: 981185891
e-mail: patrimonio.cultura.coruna@xunta.gal

CVD: y0indL6MMVWIGGETjuZI
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





XUNTA
DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades
Servizo do Patrimonio Cultural




Xacobeo 21·22

decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Añadido por: ALVAREZ MONTESERIN, SEVERINO
Campo: Xefe do Servizo de Coordinación Cultural
Data e hora: 15/07/2022 13:49:23

FIRMADO POR CONCELLO DA BAÑA – P1500700H
Versión imprimible
CVD: y0indL6MMWIGGETjuZI
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 3º
15071 – A Coruña
Telf.: 981182657 / 981182210
Fax: 981185891
e-mail: patrimonio.cultura.coruna@xunta.gal